

DECRETO XXX ... /2026, do...de..., polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026

A Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, no artigo 12, dispón que a oferta de emprego público adaptarase aos límites e aos restantes requisitos que se establezan na normativa básica estatal e, en particular, no referente á taxa de reposición de efectivos, respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos.

Por outra parte, no artigo 20.Dous da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, que se atopa prorrogada, fíxanse diferentes taxas de reposición; así, establécese unha taxa do 120 por cento para os sectores prioritarios e unha taxa do 110 por cento para os demais sectores.

Así mesmo, o dito precepto inclúe, entre outros, como sectores prioritarios: o control e loita contra a fraude fiscal, laboral, de subvencións públicas e control da asignación eficiente dos recursos públicos; o asesoramento xurídico e a xestión dos recursos públicos; a cobertura das prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios; as prazas do persoal que presta asistencia directa á cidadanía nos servizos sociais e servizos de transporte público; as prazas de seguridade e emerxencias; as relacionadas coa atención á cidadanía nos servizos públicos e xestión de prestacións e políticas activas en materia de emprego e persoal que preste servizos na área das tecnoloxías da información e as comunicacións.

Igualmente, o disposto no artigo 20.Dous e Tres da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, resulta de aplicación ás sociedades mercantís públicas e entidades públicas empresariais, fundacións do sector público e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público, segundo as disposicións adicionais vixésima primeira, vixésima segunda e vixésima terceira da dita lei.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no artigo 48, establece os criterios xerais en que se debe enmarcar a oferta de emprego público, sen prexuízo das especificidades que se poidan establecer nas convocatorias respectivas. Esta oferta concíbese como un instrumento de programación das necesidades de persoal e de racionalización do emprego público e dos procesos de selección do persoal ao servizo das Administracións públicas, en

que deben primar os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade.

A oferta de emprego público para o ano 2026 inclúe as prazas por acceso libre que figuran no Anexo I. Para determinar a taxa de reposición tívose en conta o número de xubilacións, falecementos, renuncias, excedencias sen reserva de posto de traballo, altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións e reingresos producidos durante o ano 2025; non computando na taxa de reposición tal e como indica o artigo 20.Tres, punto 4, da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado, as prazas que se convocan para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

Por outra banda, a oferta de emprego público é un instrumento de planificación dos recursos humanos que ten como obxectivo a consecución da eficacia na prestación dos servizos públicos e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Neste sentido, merece especial mención a promoción interna como unha das medidas derivadas da planificación dos recursos humanos, que deberá ser facilitada pola Administración como vía para a adquisición das correspondentes competencias e como requisito necesario para a progresión na carreira profesional desde niveis inferiores aos superiores.

Neste decreto de oferta para o ano 2026 inclúese unha promoción interna separada, Anexo II, para persoal funcionario de corpos xerais con convocatorias independentes das de acceso libre.

O Anexo III recolle as prazas que se ofertan de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma que van ser obxecto dun proceso de funcionarización, nos termos sinalados na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e en aplicación do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Con respecto á reserva da cota para persoas con discapacidade, na oferta de emprego público resérvase unha porcentaxe do 12,51% das vacantes, que se distribuirá segundo se establece nos anexos de prazas obxecto desta oferta. A reserva do 12,51% indicado realizarase de xeito que o 2,06% das prazas ofertadas sexa para seren cubertas por persoas que acrediten

discapacidade intelectual e o 10,45% para persoas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade.

Conforme os artigos 13.2.g) e 14.2.e) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, corresponde ao Consello da Xunta de Galicia aprobar a oferta de emprego público por proposta da consellería competente en materia de función pública. Así mesmo, o artigo 12.Catro da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, esixe o informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiación Autonómica.

Neste marco e tendo en conta os postos de traballo vacantes, cómpre aprobar a oferta de emprego público para o ano 2026 relativa ao persoal funcionario de corpos e escalas da administración xeral e especial e de persoal laboral, establecendo os criterios en que debe enmarcarse esta oferta, de conformidade co previsto no artigo 12 da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, así como no artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023.

Na súa virtude, negociados os criterios xerais desta oferta de emprego público coas organizacións sindicais presentes na Mesa Xeral de Persoal Empregado Público, logo do informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico e da Comisión de Persoal, e de conformidade co establecido no artigo 13.2.g) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por proposta do conselleiro de Facenda e Administración Pública, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de abril de dous mil vinte e seis.

DISPOÑO:

Artigo 1. Aprobación da oferta de emprego público

De conformidade co disposto no artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro; no artigo 20 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, así como no artigo 12 da Lei 4/2025, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, apróbase a oferta de emprego público correspondente a distintos corpos e escalas da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e categorías de persoal laboral para o ano 2026, nos termos que se establecen neste decreto.

Artigo 2. Cuantificación da oferta de emprego público

1. O Anexo I recolle as prazas que se ofertan para cubrir as necesidades de recursos humanos, con asignación orzamentaria, que deben proveerse mediante a incorporación de persoal de novo ingreso con cargo á taxa de reposición de efectivos prevista para o ano 2026.
2. O Anexo II recolle as prazas que se ofertan de promoción interna, cuxos procesos selectivos se realizarán en convocatorias independentes das ordinarias de novo ingreso.
3. O Anexo III recolle as prazas que se ofertan de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma que van ser obxecto dun proceso de funcionarización.
4. O Anexo IV recolle as prazas de persoal laboral de entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Artigo 3. Promoción interna

Ás persoas aspirantes que superen os procesos de promoción interna da oferta de emprego público correspondente ao Anexo I adxudicaráselles destino no mesmo posto do que fosen titulares con carácter definitivo, sempre que este figure na relación de postos de traballo aberto ao mesmo corpo, escala e especialidade á que accedan. No caso de que a persoa aspirante que supere o proceso sexa titular dun posto con carácter definitivo que non figure na relación de postos de traballo aberto ao mesmo corpo, escala e especialidade á que accede, ou no caso de que supere o proceso e non sexa titular de ningún posto con carácter definitivo, ofertaráselle na elección de destino un posto vacante, que figure na relación de postos de traballo aberto ao dito corpo, escala e especialidade.

Artigo 4. Promoción interna independente

1. Co obxecto de fomentar a promoción interna, ofértanse as prazas que se detallan no Anexo II do presente decreto, para persoal funcionario de carreira polo sistema de concurso-oposición. Os procesos selectivos de promoción interna levaranse a cabo en convocatorias independentes das de novo ingreso e para o persoal funcionario será de

aplicación o previsto no artigo 80 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.

2. Realizarase unha promoción interna separada para permitir que o persoal funcionario dos corpos da Administración xeral, excluídas as escalas, poidan promocionar ao grupo inmediato superior sempre e cando posúan a titulación necesaria, prestasen servizos efectivos durante polo menos dous anos como persoal funcionario no corpo do grupo de titulación inmediatamente inferior ao do corpo ao que pretende acceder, reúnan os requisitos esixidos na convocatoria e superen as probas que para cada caso estableza a consellería competente en materia de función pública.
3. Non obstante o anterior, no proceso de promoción interna para o acceso ao corpo superior de Administración xeral (subgrupo A1), tamén poderá participar o persoal funcionario de carreira do corpo de xestión de Administración xeral, da escala de inspectoras e inspectores de consumo (subgrupo A2) e da escala de inspección turística (subgrupo A2) e no proceso de promoción interna para o acceso ao corpo auxiliar, subgrupo C2, poderán participar as escalas pertencentes á agrupación profesional.
4. Para os funcionarios do corpo administrativo da administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de axentes de inspección de consumo, realizarase unha promoción interna separada para permitir que este persoal funcionario poida promocionar ao corpo de xestión da administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo A2, escala de inspectoras e inspectores de consumo, sempre e cando posúan a titulación necesaria, teñan prestado servizos efectivos, durante polo menos dous anos, como funcionario/a de carreira no corpo administrativo da administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de axentes de inspección de consumo, reúnan os requisitos esixidos na convocatoria e superen as probas que para cada caso estableza a consellería competente en materia de función pública.
5. Ás persoas aspirantes que superen os procesos de promoción interna da oferta de emprego público correspondente ao Anexo II adxudicaráselles destino no mesmo posto do que fosen titulares con carácter definitivo, sempre que este figure na relación de postos de traballo aberto ao mesmo corpo, escala e especialidade á que accedan. No caso de que a persoa aspirante que supere o proceso sexa titular con carácter definitivo dun posto que non figure na relación de postos de traballo aberto ao mesmo corpo, escala e especialidade á que accede, ou no caso de que supere o proceso e non sexa titular de ningún posto con carácter definitivo, ofertaráselle na elección de

destino un posto vacante, que figure na relación de postos de traballo aberto ao dito corpo, escala e especialidade.

Artigo 5. Promoción interna para o persoal laboral fixo: proceso de funcionarización

O Anexo III recolle as prazas que se ofertan de promoción interna para o persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma que van ser obxecto dun proceso de funcionarización, nos termos sinalados na disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na disposición transitoria segunda do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, e en aplicación do establecido na disposición adicional primeira do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Ao persoal laboral fixo que como consecuencia deste proceso adquira a condición de persoal funcionario de carreira adxudicaráselle destino definitivo, de carácter funcional, no mesmo posto que viña desempeñando con carácter definitivo.

Dado que estas prazas inclúense en aplicación da disposición adicional 1ª do Decreto 165/2019, do 26 de decembro, serán obxecto dunha convocatoria separada do resto de convocatorias de procesos de funcionarización que se poidan realizar.

Artigo 6. Criterios xerais de aplicación nos procesos selectivos

1. De acordo co Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, e coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, sinálanse os seguintes principios reitores para o acceso ao emprego público e a adquisición da relación de servizo:

A) Na selección do seu persoal, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia garantirá, ademais dos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, os principios de:

- Publicidade das convocatorias e das súas bases.
- Transparencia.
- Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.

- Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.
- Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas que se vaian desenvolver.
- Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.
- Simplificación dos procesos selectivos.
- Valoración ata a puntuación máxima na fase de concurso.

B) Os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna na Lei 2/2015, de emprego público de Galicia e no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e das medidas de discriminación positiva previstas neste decreto. Nas convocatorias de promoción interna estableceranse medidas para fomentar o seu impulso e desenvolvemento.

C) A composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega será paritaria para o conxunto da oferta pública de emprego, tanto se se trata de acceso ao emprego público como se se trata de promoción interna, de acordo co disposto no artigo 152 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Os órganos de selección aplicarán na súa actuación principios de austeridade e axilidade á hora de ordenar o desenvolvemento dos procesos selectivos, sen prexuízo do cumprimento dos principios de actuación, de conformidade co establecido no Estatuto básico do empregado público.

D) Nas convocatorias dos procesos selectivos en que se estableza a realización de probas con respostas alternativas, faranse públicos os cadros de respostas, na páxina da Xunta de Galicia (www.xunta.gal/funcion-publica).

E) O funcionamento e actuación dos tribunais de selección axustaranse ás instrucións ditadas para o efecto polo órgano competente.

F) De ser o caso, o desenvolvemento dos procesos selectivos terán que adecuarse ás recomendacións das autoridades sanitarias en períodos de emerxencia sanitaria.

2. Se nun determinado corpo, escala, subgrupo ou categoría da Administración pública galega se verifica a infrarrepresentación do sexo feminino, entendendo por infrarrepresentación unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes, de existir méritos iguais entre dúas ou máis persoas candidatas ao finalizar o proceso

selectivo e antes da proposta de nomeamento das persoas candidatas aprobadas, deberá aplicarse como primeiro criterio de desempate a preferencia das mulleres, salvo se, considerando obxectivamente todas as circunstancias concorrentes nos candidatos de ambos sexos, existen motivos non discriminatorios para preferir o home, de acordo co artigo 153 da Lei 7/2023, de 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Artigo 7. Persoas con discapacidade

1. O artigo 59 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, e o artigo 48 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prevé a reserva dunha cota non inferior ao sete por cento das vacantes ofertadas para ser cubertas por persoas con discapacidade, considerando como tales as definidas no punto 2 do artigo 4 do texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, sempre que superen os procesos selectivos e acrediten a súa discapacidade, así como a compatibilidade no desempeño das súas funcións.
2. Nesta oferta resérvase unha porcentaxe do 12,51% para ser cuberta por persoas que acrediten discapacidade, de xeito que o 2,06% será para as persoas que acrediten discapacidade intelectual e o 10,45%, para aquelas que acrediten calquera outro tipo de discapacidade. As prazas reservadas para persoas con discapacidade intelectual ofertaranse en convocatorias independentes. As prazas reservadas para persoas con calquera outra discapacidade poderán convocarse conxuntamente coas prazas ordinarias ou mediante convocatorias independentes ás dos procesos libres garantíndose, en todo caso, o carácter individual dos procesos.
3. Os sistemas de selección que se convoquen para persoas con discapacidade desenvolveranse de acordo co establecido no Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como no Decreto 80/2025, do 8 de setembro, polo que se regula o acceso e provisión de postos de traballo de persoas con discapacidade intelectual na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

4. Nas probas selectivas, incluíndo os cursos selectivos ou o período de prácticas, estableceranse, para as persoas con discapacidade que o soliciten, as adaptacións e os axustes razoables necesarios de tempo e medios para a súa realización, de acordo co disposto na Orde PJC/804/2025, de 23 de xullo, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de medios e tempos e a realización doutros axustes razoables nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
5. No suposto de que algunha das persoas aspirantes con discapacidade que se presentasen pola cota de reserva superase os exercicios e non obtivese praza na citada cota e a súa puntuación sexa superior á obtida por outras persoas aspirantes do sistema de acceso xeral, esta será incluído pola súa orde de puntuación no sistema de acceso xeral.
6. As prazas reservadas para as persoas con discapacidade non cualificada de intelectual que quedasen desertas nos procesos selectivos acumularanse á quenda xeral.

Disposición adicional primeira. *Acumulación de prazas e execución de convocatorias*

1. Poderán convocarse nun único proceso selectivo as prazas ofertadas de persoal funcionario correspondentes aos corpos e escalas de Administración xeral e especial da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coas derivadas da oferta de emprego público correspondentes aos anos 2024 e 2025, que aínda estean pendentes de convocar. No caso de ser acumuladas, aplicarase a normativa correspondente á oferta do 2026.
2. De conformidade co disposto no artigo 20.Tres.3 da Lei 31/2022, do 23 de decembro, as prazas non cubertas durante a execución dunha convocatoria poderán convocarse novamente sempre que non transcorresen máis de tres anos desde a publicación da oferta de emprego público que as autorizase.

A nova convocatoria deberá identificar as prazas que proceden de convocatorias anteriores e a oferta á que corresponden. Esta previsión será aplicable ás convocatorias de procesos selectivos derivadas de ofertas de exercicios anteriores á de 2026, incluídas as que xa fosen publicadas.

Disposición adicional segunda.- *Igualdade en relación coas condicións de emprego da Administración pública.*

As convocatorias adaptaranse ao disposto na Lei 7/2023, do 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Disposición transitoria .- *Corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B)*

As convocatorias dos procesos selectivos referentes ao corpo de técnicos de carácter facultativo (Grupo B) deberán adecuarse ao disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Mentres non se desenvolva regulamentariamente o grupo B, a incorporación do persoal producirase no subgrupo C1.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento do decreto*

Facúltase á persoa titular da consellería competente en materia de función pública para ditar, dentro das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento do presente decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Conselleiro de Facenda e Administración
Pública

Presidente